



## ANUNCIO

De conformidade co acordado en sesión do 09.07.2024 polo tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos, correspondente a OEP do Concello de Fene do ano 2022 faise público que, por non terse presentado alegacións no prazo concedido, queda elevada a definitiva a seguinte relación de persoas que superaron o proceso selectivo, coa seguinte puntuación, propoñéndose o nomeamento da única persoa que integra a dita relación:

	1ª PROBA	2ª PROBA	3ª PROBA	4ª PROBA	Puntuación total
Inés Mera Rico	Exenta	6.9	7,81	6	20.71

No prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquel no que se teña publicado este anuncio a persoa aspirante proposta para a súa selección e nomeamento deberá presentar no Rexistro Xeral do concello ou na forma establecida no artigo 16 da LPACAP, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos na convocatoria establecido na cláusula 9.2 das bases específicas reguladoras do proceso selectivo.

Se no prazo e forma antes indicados (agás nos casos de forza maior debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía) a persoa proposta para a súa selección e nomeamento non presentase a documentación requirida ou da mesma se deducise que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e entenderase que renuncia ou desiste dos seus dereitos inherentes; sen prexuízo das responsabilidades nas que, de ser o caso, puidese incorrer por falsidade.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.

C.  
D.  
E.  
F.  
G.  
H.  
I.  
L.  
M.  
N.  
O.  
P.  
Q.  
R.  
S.  
T.  
U.  
V.  
W.  
X.  
Y.  
Z.